

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMENTO**  
**MEMORIA ANUAL 2004**

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMENTO: ¿QUEN SOMOS?**

**2.1. OBXECTIVOS**

**2.2. METODOLOXÍA**

**2.3. FINANCIAMENTO**

**3. MEMORIA DE ACTIVIDADES**

**3.1. SENSIBILIZACIÓN**

**3.2. RECADACIÓN**

**3.3. FORMACIÓN**

**3.4. COOPERACIÓN**

**4. XESTIÓN**

**5. FINANCIAMENTO**

**6. CONCLUSIÓN**

# IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: MEMORIA ANUAL 2004

## 1. INTRODUCCIÓN

No ano 2004 IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO experimentou un grande pulo nas súas actividades de sensibilización e na súa presenza nos medios en Galicia. A implicación de moitas persoas fai posible que hoxe poidamos presentar unha nova memoria anual da organización.

Este ano novamente IND tentou levar adiante os seus obxectivos e o seu compromiso coas comunidades desfavorecidas e coa solidariedade en xeral. Así, dende as actividades de recadación de fondos para financiar os nosos proxectos, ata a colaboración en campañas conxuntas con outras organizacións, IND foi crescendo no seu traballo de solidariedade.

De especial importancia consideramos dende IND a creación dun espazo físico en Vigo (o Centro Crisol) do que agardamos moito no vindeiro ano 2005 en canto a centralización das nosas actividades na bisbarra e a aumento da nosa visibilidade entre a cidadanía.

Igualmente IND segue mantendo o seu compromiso con Galicia facendo cooperación desde o noso lugar no mundo, implicando directamente á nosa comunidade e decidindo desde aquí coas organizacións do sur o que nos parece máis axeitado facer para conseguir un mundo máis xusto.

O traballo na India e Etiopía segue consolidándose coa continuación dos proxectos iniciados xa o ano pasado:

- UDP Tiruchy, na India
- XICAM, North Wollo e OPRIFS, Addis Abeba, en Etiopía

Fora dos proxectos de desenvolvemento que IND leva a cabo habitualmente, o terrible maremoto acontecido no mes de decembro levounos a iniciar un plan de emerxencia e reconstrucción que se desenvolverá no ano 2005 e vindeiros e que neste 2004 iniciou a súa fase de identificación e recadación, tal e como veremos máis adiante.

Ademais, a nosa organización irmá IND-INDIA segue desenvolvendo o seu labor de apoio ás organizacións locais coas que traballa IND.

Hoxe, malia que a situación política social e humana mundial produza desesperación e perda de confianza na construción dun outro mundo, a presenza e traballo das socias e membros activos de IND fainos pensar que é un obxectivo posible e dános azos para traballar e comprometérmonos máis no noso proxecto. Un ano máis o noso máis fondo agradecemento a tódalas persoas e institucións que cren cada día polos seus actos nun mundo máis xusto e solidario.

## **2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?**

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, IND conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

### **2.1. OBXECTIVOS**

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

### **2.2. METODOLOXÍA**

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) ten unha forma de traballar clara para cumprir-los obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.
- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria gracias ós seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

- IND funciona ata o momento na súa totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes. IND promociona, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.
- IND promociona en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calidade do movemento das ONG ante a sociedade civil e gobernamental.

### **2.3. FINANCIAMENTO**

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) contaba ata o de agora con dúas únicas fontes de financiamento: as/os socias/os e as actividades organizadas para recadación de fondos, que este ano viñeron a ampliarse con fondos da Xunta de Galicia, Caixa Galicia e o Fondo Galego de Cooperación destinados á sensibilización e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todo o diñeiro recadado IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) utiliza só un 5% para gastos administrativos.

### **3. MEMORIA DE ACTIVIDADES**

#### **3.1. SENSIBILIZACIÓN**

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma Individual cada unha das actividades levadas a cabo.

##### **Quincena da Paz**

Como tódolos anos, IND participou na feira de ONG que o Concello de Santiago organiza polo día da paz.

A nosa achega foi unha mesa informativa e de venda de materiais de promoción da organización.

Así mesmo, levouse a cabo un obradoiro de tatuaxes de henna, no que participaron numerosas rapazas e rapaces, aínda que, por problemas de falta de material, ao final quedou reducido a unha serie de explicacións máis teóricas ca prácticas. Moitas das rapazas deste mesmo grupo, tamén participaron na última actividade, que consistía en aprender a poñer o sari e, aquelas que o desexasen, sacar unha foto Polaroid con el posto.

##### **Exposición “Penso, logo actúo”**

“Penso, logo actúo” ideouse no ano 2003 coa intención de sensibilizar á poboación en xeral e en particular á sociedade galega sobre a pobreza, causas e solucións. Con ela, pretendemos aproximar algunhas das múltiples facetas desta realidade complexa ás persoas que aparentemente estamos do outro lado. Desde a fame, o xénero ou o medio pasando pola educación, os recursos enerxéticos.

A exposición consta de 10 paneis, cada un deles encabezado por unha afirmación sobre a pobreza comunmente aceptada por certos sectores da sociedade para logo contradicila ó longo do panel. Cada panel ofrece unha opción de colaborar con algunha organización ou iniciativa, co gallo de actuar sobre a raíz do problema.

A estrutura xenérica de cada panel consiste na presentación de datos que traballan o tema en concreto, e logo na presentación de prácticas do primeiro mundo que afectan ós países en vías de desenvolvemento para logo presentar finalmente alternativas. Os temas dos paneis son: Penso, logo actúo (panel de presentación), a fame e carencia de alimentos, desenvolvemento e auga, desenvolvemento e saúde, desenvolvemento e o 0,7, desenvolvemento e xénero, comercio Xusto,

desenvolvemento e educación, desenvolvemento e diversidade cultural, desenvolvemento e enerxía.

Como actividades complementarias á exposición IND pode organizar:

- -MESAS REDONDAS: sobre calquera dos temas dos paneis
- -TATUAXES DE HENNA E MOSTRA DE SARIS: sobre todo para enfatizar os temas de diversidade cultural

“Penso, logo actúo”, concibida como exposición itinerante, estivo exposta ao público nas seguintes ocasións e lugares:

Asociación Cultural A Cabana de Moraña: En colaboración con IND, a devandita asociación colocou a súa exposición nos seus locais dende o día 2 ao 14 de febreiro. A exposición recibiu a visita das/os socias/os e estivo aberta ao público da vila de Moraña ao longo de dúas semanas. IND desprazouse para as súas instalacións, así como para recollela o martes día 17. A asociación realizou unha doazón a IND de 60 euros.

Facultade Psicoloxía da Universidade de Santiago: A exposición permaneceu ao longo dunha semana do mes de marzo na entrada principal da facultade.

Asemblea Xeral da Coordinadora: No marco da Asemblea Xeral Anual da Coordinadora Galega de ONGDs celebrada o día 8 de maio de 2004, IND tivo a oportunidade de instalar a exposición Penso, logo actúo no local da Casa da Cultura de Monforte de Lemos. Durante todo o día pasaron persoas a visitala e recibiu importantes gabanzas do resto das ONGDs. Intermon Oxfam aproveitou para levar fotos dos paneis nos que colaborou e que aínda non tivera a oportunidade de ver.

Universidade de Vigo: A exposición permaneceu nesta institución durante dúas semanas: unha na Facultade de Ciencias do Mar a finais de setembro e outra na Facultade de Filoloxía e Tradución a finais de outubro.

### **Universitúa 2004**

O curso sobre cooperación e desenvolvemento non foi a única actividade celebrada de maneira conxunta coa Universidade de Vigo nas que participaron de xeito activo as voluntarias de IND (Implicadas/os No Desenvolvemento)

A Universidade celebrou a terceira sesión de Universitúa (A feira de asociacións) tamén relacionada co mundo solidario, montando unha carpa de asociacións, na que IND presentou a súa exposición “Penso, logo actúo”.

Así, ao longo dos días 27 e 28 de outubro de 2004, tivo lugar na Cidade Universitaria a terceira edición de Universitúa, a Feira de Asociacións da Universidade, que nas pasadas edicións gracias ao éxito de asistencia se veu convertendo nun referente do asociacionismo e do voluntariado entre a mocidade.

A finalidade deste feira, ademais de fomentar o asociacionismo, é dar a coñecer ao estudantado as actividades das diferentes asociacións universitarias, entre as que se atopan Teatro Saraiba, Quinto Acto Teatro, Luna Teatro, Solidarios para el Desarrollo, ISF Ingeniería sin Fronteras, Implicadas/os no desenvolvemento, Fundai (fundación axuda á infancia), RCT Radioclub de Telecomunicacións, GALpón: Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra, Gulo: Grupo de Usuarios Linux Ourense, Colectivo Flexo, ISUV, Asociación Ippon, Grupos Bíblicos Universitarios GBU e CAEF.

### **Participación no curso de extensión universitaria organizado por Enxeñería sen Fronteiras**

IND foi convidada a dar unha charla dentro do curso de extensión universitaria da Universidade de Vigo “Outro mundo é posible”, organizado pola ONG Enxeñeiros Sen Fronteiras. A devandita charla, que clausurou o curso, tivo lugar o día 17 de xullo e nela se falou de como se inicia e desenvolve un proxecto de cooperación ó desenvolvemento, concretamente, o noso proxecto de desenvolvemento urbano en Tiruchy.

O curso, ao que asistiron alumnos e alumnas da universidade, coa rara excepción dalgún profesor, tivo unha asistencia numerosa, por riba das 40 persoas, e moitos dos asistentes levaron material informativo de IND, aínda que non se produciron contactos posteriores.

### **Curso de Extensión Universitaria: Cooperación e desenvolvemento nun mundo global. A cooperación en Galicia**

IND en colaboración coa Universidade de Vigo organizou un Curso de Extensión Universitaria titulado: Cooperación e desenvolvemento nun mundo global. A cooperación en Galicia.

A cooperación e o desenvolvemento dentro do sistema globalizado no que estamos a vivir centraron os temas do curso de extensión universitaria de 20 horas de duración que tivo lugar os días 19, 20, 21 e 22 de outubro de 2004 na Facultade de Filoloxía e Tradución co fin de achegar á comunidade universitaria a actividade das ONGs.

Os máis de 60 asistentes, na súa maioría estudantes da Facultade de Económicas fixeron un percorrido pola situación actual das organizacións dedicadas á cooperación a nivel galego e español, ofrecendo así unha panorámica de cales son as posibilidades que teñen no caso querer colaborar neste tipo de actividades.

O curso contou con dous bloques diferenciados, un de tipo teórico e outro práctico, no que participaron representantes de varias ONGs para aportar a súa experiencia no traballo coas comunidades do sur. Así, afondouse no sistema de financiamento das organizacións, no papel institucional neste tipo de labor, na importancia do mesmo e da implicación social e sobre todo na campaña a favor do 0.7, que voga por destinar esta porcentaxe dos presupostos estatais á cooperación.

IND, e na súa representación, Ana Luna, a coordinadora da actividade, pretendía que os asistentes, sexan ou non membros dalgunha organización, cheguen a coñecer cales son os retos nos que as ONGs están a traballar así como o abano das mesmas no seu entorno.

Neste senso, na xornada inaugural, Gonzalo Rodríguez, profesor da Universidade de Santiago falou sobre o concepto de globalización, tanto económica como social e política no que está imbuído o planeta e que dá como resultado un mundo de varias velocidades. A continuación, Daniel Miles, profesor da mesma Universidade, falou das relacións entre o proceso de mundialización e a cooperación para o desenvolvemento.

Dende a Cruz Vermella, xa o mércores, fíxose un percorrido polos sistemas de cooperación para o desenvolvemento en Galicia, atendendo aos fondos, institucións que os xestionan e a configuración do sistema galego de cooperación. Do mesmo xeito, o profesor compostelán Carlos Teijo, fixo o mesmo percorrido por este sistema a nivel estatal.

O presidente da Coordinadora Galega de ONGDs, Emilio Martínez Rivas, foi o responsable de falar sobre a historia recente da cooperación en Galicia, dos retos das ONGs, o seu financiamento, os ámbitos do seu traballo ou as campañas que teñen desenvolto.

As xornadas do xoves e do venres estaban reservadas para que as propias organizacións falasen do seu traballo en Galicia e coas comunidades do Sur. Intermón Oxfam, Entrepobos, Amarante e Implicadas/os no Desenvolvemento, foron as organizacións que achegaron as súas experiencias e traballo en diversos ámbitos de cooperación social.

### **Participación na Semana da Filosofía**

O día 12 de abril de 2004 a presidenta de IND María Reimóndez Meilán foi convidada a participar nunha sesión da Semana Galega da Filosofía dedicada este ano ao tema Filosofía e Cidadanía. Na sesión na que participou IND houbo unha intervención tamén de Emilio Martínez Rivas, presidente da Coordinadora Galega de ONGD. As dúas intervencións intentaban presentar o experiencia galega de participación cidadá a través das ONG. Despois das presentacións houbo un animado debate. A experiencia de IND espertou importante interese, que se materializou en contactos cun centro de ensino de Porto do Son, o Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino en Galicia e o xornal o Faro de Vigo.



### **Participación no curso da Universidade Menéndez Pelayo en Pontevedra**

A presidenta de IND tivo a oportunidade de participar no curso organizado pola Universidade Menéndez Pelayo en Pontevedra xunto con Emilio Martínez Rivas, presidente da Coordinadora Galega de ONGDs o día 28 de setembro. A sesión foi a última do día e participaron 10 persoas.

### **Campaña do 0,7 e pegada de carteis**

IND participou de xeito activo na campaña levada a cabo pola Coordinadora de ONG's para o Desenvolvemento de actuación a favor do 0,7% de axuda ao desenvolvemento, comprometéndose a organizar a pegada de carteis en Vigo e distribuír o material publicitario da campaña entre os diferentes representantes das organizacións locais.

Para máis información: <http://www.07reclamalo.org/>

A Coordinadora dirixiu un escrito a todos os partidos políticos para reclamar que no seu programa para as próximas eleccións xerais incorporen como compromiso tal iniciativa. Os obxectivos fundamentais da campaña son:

1. Conseguir adhesións para o manifesto da campaña "Un mundo sen pobreza é posible". Achégase a carta dirixida a tódalas ONGD rexistradas en Galicia así como a diversas institucións e organizacións (sindicais, culturais, veciñais, profesionais...) para recabar o seu apoio mediante a súa sinatura ou o envío de adhesións por e-mail e a través das páxinas web.
2. Reparto de "papeletas" para o seu envío aos partidos políticos, ás sedes centrais (nas papeletas de Galicia aparecen os enderezos do PSOE, PP, IU e do BNG).
3. Pegada de carteis. O acto consistiu en organizar unha pegada simbólica de carteis un par de días antes de que comezase a campaña electoral. O calendario e lugares foi o seguinte:

SANTIAGO- DÍA 20, VENRES, 20.00 NA PRAZA DO TOURAL

VIGO- DÍA 20, VENRES, 20.00 NA RÚA PRÍNCIPE

LUGO- DÍA 20, 20.00 PRAZA MAIOR

OURENSE- DÍA 20 R/DO PROGRESO 16.00

PONTEVEDRA- DÍA 21, 11.30

Ademais, IND incorporou un panel na exposición “Penso, logo actúo” que ten como contidos fundamentais sobre a campaña e que se indican a seguir:

¿NON HAI SOLUCIÓN PARA A POBREZA?

¿Onde estabas ti no outono- inverno de 1994?

Se cadra o significado da praza, alameda ou xardín da túa cidade ou vila cambiou durante meses. Se cadra foches unha das miles de persoas, de tódalas idades, de toda condición que protagonizaron a maior mobilización social a prol da solidariedade internacional que se recorda no noso país. A súa reivindicación non estaba recollida en manifestos de movementos antiglobalización, daquela pouco coñecidos, nin baseada nos programas das ONGD, o 0,7 era algo aprobado pola asemblea nas Nacións Unidas había máis de vinte anos: o necesario compromiso dos países máis ricos de investir o 0,7 % do seu PNB na mellora da calidade de vida dos países máis pobres.

Despois de trinta anos só catro países, Dinamarca, Noruega, Holanda e Luxemburgo, dedican o 0,7 do seu Producto Nacional Bruto á Axuda Oficial ao Desenvolvemento. No Estado español, se en 1995 os fondos eran o 0,24% do PNB no 2002 apenas se chegara ao 0,25%, moi lonxe aínda do compromiso mínimo aprobado pola Unión Europea que fixa, para o 2006, o 0,33% do PNB. Aínda máis preto de ti, Galicia segue a ser, a pesar dos pasos dados durante os últimos anos, unha das comunidades nas que as institucións locais e o goberno autonómico se mostran máis reacias a converter os compromisos en realidade, incrementado os fondos ata acadar cifras que pasen, en moitos casos, da anécdota.

¿Por que 0,7?

Xunto coa contribución das persoas individuais das sociedades do Norte e o esforzo das comunidades do Sur, o incremento da Axuda Oficial ao Desenvolvemento é fundamental para a erradicación da pobreza. Sen ela será imposible deter a pandemia da SIDA, satisfacer o dereito de tódalas nenas e nenos de ser alimentados, educados e curados cando están enfermos, facilitar o acceso universal á auga potable, ou sobrepoñerse a catástrofes naturais.

¡0,7 AGORA!

Ó ser este un compromiso de estados, a súa solución pasa polas mans dos gobernos dos nosos países. E nos países democráticos es TI quen elixe a eses gobernos. A solución está en ti.

Ultimamente as ONGD galegas, a través da Coordinadora Galega de ONGDs, traballan para que os partidos políticos den prioridade a esta reivindicación e a inclúan nos seus programas políticos.

¿Que fai o partido ao que votas con respecto ó 0,7?

INFÓRMATE, ESIXE, PARTICIPA,

A SOLUCIÓN DA POBREZA ESTÁ NAS TÚAS MANS

### **Exposición Voces desde Tiruchy**

#### INTRODUCCIÓN

O programa de sensibilización social VOCES nace do compromiso de IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) coas comunidades do sur e coa crenza plena do protagonismo destas nas mensaxes que se deben de enviar á nosa sociedade.

O programa nace do proxecto de cooperación ao desenvolvemento que IND leva a cabo en 10 suburbios da cidade india de Tiruchy con financiamento da Xunta de Galicia dende o ano 2003. A primeira parte deste programa desenvolveuse nos propios suburbios e consistiu nun concurso de relatos, debuxo e teatro do que se dá conta nos informes pertinentes do proxecto.

#### ACTIVIDADES

##### 1. Ciclo de conferencias

A actividade de ciclo de conferencias incluíu 4 relatorios, en Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo e outro complementario na Universidade de Vigo.

O obxectivo desta actividade consistía en achegar a situación do proxecto e o traballo da comunidade e ONG local á cidadanía. O obxectivo considérase cumprido debido á asistencia e repercusión na prensa.

O director do proxecto, I. Ambalavanan, tivo a oportunidade de permanecer en Galicia desde o día 30 de outubro ata o 14 de novembro. Nesas dúas semanas organizáronse as seguintes conferencias:

-4 de novembro: Lugo

-8 de novembro: Pontevedra

-9 de novembro: Vigo

-10 de novembro: Universidade de Vigo

-11 de novembro: Santiago de Compostela

Estas conferencias foron organizadas en colaboración con diversas institucións e colectivos. A conferencia de Lugo organizouse en colaboración co Sindicato de Traballadoras e Traballadores

do Ensino de Galicia (STEG) e o Concello de Lugo, que cedeu o local do centro social Uxío Novoneira. As conferencias de Pontevedra e Santiago de Compostela organizáronse en colaboración coa Obra Social da Caixagalicia, que cedeu os seus locais nas dúas cidades. Finalmente, a conferencia de Vigo organizouse co apoio do Centro Social Caixanova e a conferencia realizada na Universidade de Vigo foi apoiada pola Facultade de Filoloxía e Traducción da devandita institución. Tódalas conferencias tiveron interpretación do inglés para o galego.

Ademais disto, I. Ambalavanan tivo a oportunidade de reunirse coa Directora Xeral da Secretaría de Cooperación Exterior o día 12 de novembro para dialogar sobre a marcha do proxecto de cooperación.

-O nivel total de asistencia chegou a 170 persoas con oscilacións de entre 10 (en Lugo e Pontevedra) a 100 persoas (na Universidade de Vigo).

-O cobertura en prensa foi satisfactoria tanto na prensa escrita (El Progreso, A Nosa Terra, Atlántico, etc) como nos medios de radio e televisión (Localia, Radio Nacional en Galicia, etc).

A exposición Voces desde Tiruchy é o resultado do concurso celebrado nos 10 suburbios onde IND traballa coa organización local PDI na cidade india de Tiruchy. Neste concurso, do que se dá conta no informe sobre proxectos, participaron as nenas/os das clases de apoio e clubs ambientais, as mulleres dos grupos de aforro e clases de alfabetización, as persoas con discapacidade e o propio persoal do proxecto. As categorías establecidas foron as de relatos escritos e orais, teatro e debuxo cun único tema: a significación do proxecto na vida da comunidade.

A exposición consegue proporcionar a visión da comunidade a través da arte e gracias aos libríños de relatos editados as persoas que a visitan poden levar para a casa un material duradeiro.

De entre tódalas obras gañadoras seleccionáronse 10 debuxos, 24 relatos e realizouse un vídeo no que se presenta o proceso do concurso e tamén un dos relatos orais e unha obra de teatro. A exposición consta de 10 cadros cos debuxos, dous paneis, un de introdución e outro coas fotos de gañadoras/es, un vídeo que se proxectou nunha tele de maneira permanente e folletos impresos cos relatos gañadores.

A exposición estivo colocada no local da ONG Amarante en Pontevedra, a Factoría do Sur, do día 12 ao 24 de novembro e logo foi trasladada ao centro Crisol que Amarante e IND abriron en Vigo a partir do 24 de novembro. Agárdase que a exposición siga rotando por distintas cidades galegas ao longo de todo 2005.

A exposición foi visitada por tódalas persoas que acudiron aos recintos onde se instalou e recibiu atención en prensa, sobre todo radiofónica en Pontevedra. No momento de realizar este informe aínda non se poden avaliar os indicadores para Vigo xa que a exposición está aínda instalada.

### **Apertura do Centro de recursos e tenda de comercio xusto Crisol**

O proxecto CRISOL (Centro de Recursos e Iniciativas para a Solidariedade) naceu como iniciativa de tres organizacións non gobernamentais, para consolidarse definitivamente no Consorcio de dúas ONGD galegas con presenza na cidade de Vigo e na súa área metropolitana: IND (Implicadas/os no Desenvolvemento) e Amarante ecodesenvolvemento.

As ONGD AMARANTE e IMPLICADAS PARA O DESENVOLVEMENTO (IND) acordaron, unha vez que a asociación ENTREPOBOS explicou a súa imposibilidade de seguir no proxecto por problemas de loxística, poñer en marcha o Centro de Recursos Integral para a Solidariedade CRISOL en novembro de 2004 no Centro de Vigo.

O proxecto tiña como obxectivos a posta en funcionamento dun centro social que pretende servir de soporte de diversos servizos pensados para deseñar e executar iniciativas de cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade cos países do Sur nos ámbitos da información, a sensibilización cidadá, a formación e a promoción do comercio xusto e o consumo responsable que se propón xa neste primeiro ano, pero tamén nos vindeiros anos crear:

Servizos de información e orientación sobre voluntariado e cooperación para o desenvolvemento.

- Unha escola de formación de axentes de cooperación para o desenvolvemento.
- Unha sala de exposición.
- Unha sala de conferencias
- Unha tenda de comercio xusto e consumo responsábel.

Na parte da elaboración do proxecto, as dúas ONGD tivemos unha serie de reunións previas á apertura do CRISOL no local de Amarante en Pontevedra para coordinar a posta en marcha do mesmo.

O equipo rector de CRISOL quedou constituído por: María Reimóndez, presidenta de IND como coordinadora (na ausencia temporal de Galicia de Liliana Valado), Anair Rodriguez como responsable de administración, Ana Luna como responsable de campañas e Xoan Hermida como Responsable de Comunicación.

Logo de realizar varias consultas, decidimos alugar un local de aproximadamente 100 m2 e 600 € de renda no centro de Vigo co fin de ter ubicado no mesmo o Centro de Recursos e a Tenda de Comercio Xusto. A data de apertura estaba prevista para principios de novembro, aínda que tivemos que adiar a inauguración por mor das obras realizadas para acondionalo ás nosas necesidades. A nosa intención era que a tenda de Comercio Xusto comezase a funcionar a principios de decembro xunto coas actividades do centro.

Os obxectivos fundamentais consistiron en dotarse dunha serie de Normas de Rexime Interno que facilite o funcionamento de CRISOL que se recollan nun protocolo de funcionamento. Neste sentido, o centro está a disposición de tódalas organizacións sen ánimo de lucro e de tódalas actividades propostas por asociacións con ánimo de concienciación social en temas solidarios.

Co fin de atender o Centro de Recursos e a Tenda de Comercio Xusto acordouse iniciar un proceso de selección de persoal para a contratación dun/ha xerente que comezou a exercer o seu labor o 1 de decembro.

## ACTIVIDADES

IND elaborou un programa de actividades conxuntas entre IND e Amarante para o Centro de Recursos e Amarante un plano de actividades da Tenda para os vindeiros 2005/2006. CRISOL vaise nutrir neste primeiro ano 2004, mais tamén no futuro de programacións propias dos grupos locais de Amarante e IND, como actividades xeradas mancomunamente sobre a base dos recursos humanos, financeiros e técnicos das dúas asociacións do consorcio.

Dende a posta en marcha do local realizamos as seguintes actividades:

Tivemos montada a (do 27 de novembro ao 12 de decembro) a exposición VOCES de IND consistente en paneis, debuxos e contos realizados polas beneficiarias e beneficiarios dun dos proxectos de IND en Tiruchy (India).

Durante o mes de decembro (do 13 ao 21), a asociación Amarante promoveu en CRISOL as II Xornadas de achegamento ao Sur que se compón de:

A exposición fotográfica “O soño da Terra” de Rosa Veiga.

O martes 14 de decembro ás 20.00: Video-Forum do documental “Los sin tierra” de Miguel Barros.

O mércores 15 de decembro ás 20.00: Charla a cargo do Redactor Xefe da revista Mundo Negro sobre “A realidade Africana”.

O xoves 16 de decembro ás 20.00: Charla a cargo de Felisa Rodríguez e Mercedes Melón sobre Moçambique.

Ademais, CRISOL vai ser un centro de acollida de iniciativas e actividades das outras ONGD galegas e, de modo singular da Coordinadora galega de ONGD. De feito, xa está prevista unha reunión das ONGD con sede en Vigo pertencentes á Coordinadora para o mes de xaneiro de 2005.

Queremos compartir as nosas instalacións con aquelas outras ONGD que non dispoñan de medios en Vigo e queremos servir como instrumento de extensión das accións da Coordinadora galega de ONGD na área metropolitana.

### **Axenda solidaria 2005**

A Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia concedeulle a IND unha pequena cantidade para editar unha axenda solidaria. Coa subvención concedida cubrimos os gastos de deseño, mais os gastos de impresión e encadernación dos 500 exemplares realizados polo noso colaborador nesta materia, Serxio Suárez Bandín, tentamos cubrilos grazas á colaboración das tendas de comercio xusto existentes en Galicia como A Factoría do Sur de Amarante, A caba da terra, Panxea, etc.

Certas librarías galegas como Michelena, Andel e a Casa do Libro en Vigo e Abraxas e Follas Novas en Santiago tamén se ofreceron a vender as nosas axendas sen obter beneficios, e por suposto, recibimos a importante colaboración das e dos nosos socios na súa distribución e venda

Cuestións técnicas :

Tamaño: 130 x 95 cm

Páxinas: 400 (365 para os días do ano, 12 para portadiñas de cada mes, 2 para cada tema na exposición "Penso, logo actúo", e tres para a portadiña xeral e datos de IND.

Encadernación: en espiral

Entre os contidos da axenda que cómpre salientar, temos que incluír unhas páxinas dedicadas a informar sobre a nosa organización e os nosos proxectos, e cada mes incorpora unha páxina especial dedicada a cuestións como a campaña sobre a fame, a luz, os medicamentos, a campaña do café, o 0,7%, a carencia de auga, etc.

Consideramos que os resultados acadados pola nosa organización, tanto na elaboración dos contidos da axenda e nas cuestións máis técnicas de edición foron moi positivos. Dos 500 exemplares editados, vendéronse algo máis de 300 e realizamos algún agasallo a determinados organismos e entidades colaboradoras coa nosa organización.

Dada a boa acollida acadada, pensamos que a axenda é unha actividade de sensibilización á que lle debemos dar continuidade nos anos vindeiros.

## **Campana publicitaria na prensa**

Os medios de comunicación como a prensa e a radio entran tódolos días nas casas da maioría das e dos cidadáns e coidamos que son os axentes que nos van permitir que se dea a coñecer a nosa organización e a nosa actividade dentro e fóra de Galicia.

Tendo en conta os precedentes doutras organizacións como a nosa que utilizan a prensa para dar a coñecer a súa actividade e informar sobre a importancia da implicación de todas e todos en conseguir un mundo mellor e máis xusto, IND (Implicadas/os No Desenvolvemento) organizou unha campaña publicitaria de sensibilización na prensa dentro do ámbito autonómico galego.

Enviamos unha carta a cada un dos medios que publican os xornais en formato papel e dixital solicitando a súa colaboración e recibimos tres respostas positivas.

A seguir, indicamos cales son os lemas fundamentais da campaña.

Os textos son os seguintes:

No século X o mundo era plano, no XX era redondo.

No século XXI, o mundo pode ser como ti queres que sexa.

O mundo cambia se ti te implicas.

IND realiza proxectos de desenvolvemento coas comunidades do sur.

Para cambiar as cousas, para cambiar o mundo.

### **Explicación técnica:**

Custes de deseño para unha campaña de Implicadas/os No Desenvolvemento.

Medios: prensa

Soportes: anuncios en varios tamaños para a prensa diaria e revistas.

Tamaño: 1 páxina, media páxina (outros) e anuncio xeral en Din A-4.

Realizáronse versións en cor e branco e negro.

O traballo de deseño engadía a realización de fotografías, o escaneado de imaxes e a realización das ilustracións que se puidesen necesitar, segundo a creatividade aprobada. As artes finais entregáronse en soporte informático acompañadas dunha proba de impresión en inxección de tinta.



Os anuncios presentáronse en tamaños aproximados aos que son habituais, para, posteriormente adaptalos ao tamaño da mancha dos xornais que se contrataron para a realización da campaña.

Os anuncios de prensa realizados polo noso colaborador de deseño gráfico, Serxio Suárez Bandín, foron preparados de xeito específico para cada un dos medios que aceptaron inserir un anuncio na súa publicación: a revista Tempo Exterior, o diario La Región de Lugo e La Voz de Galicia.

### **3.2. RECADACIÓN**

Ao longo do presente ano tamén intentamos realizar un maior número de actividades no campo da recadación para poder contar con máis fondos propios que nos axuden a levar a cabo máis e máis complexos proxectos de cooperación na nosa zona de traballo.

#### **Venda de materiais**

Este ano, como en ocasións anteriores, IND realizou venda de materiais nas feiras e mesas que puxo en diversos eventos como a Quincena da Paz en Santiago de Compostela e outros. Tamén se puxo unha mesa na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo durante dúas mañás.

#### **Venda das fotos da antiga exposición “Billete á India”**

Durante o mes de agosto de 2004, IND colocou a exposición de fotos sobre os nosos proxectos de Tiruchy , pertencentes á antiga exposición “Billete á India”, no local *Uf!* coa intención de poñelas á venda ao prezo de 6 euros. A exposición recibiu a visita das e dos clientes que se achegan diariamente ata o local así como os medios de comunicación locais, pero lamentablemente non se realizou ningunha venda.

### **3.3. FORMACIÓN**

#### **Presenza de IND en cursos e seminarios**

##### **CURSO DE “VOLUNTARIADO DE COOPERACIÓN E ACCIÓN HUMANITARIA”**

Curso on-line organizado pola Coordinadora española de ONG para o Desenvolvemento en colaboración coa Fundación Telefónica, que foi ofrecido gratuitamente a tódolos voluntarios de ONG.

O curso desenvolveuse do 6 ó 19 de xullo de 2004 e foi coordinado por Ismael Díaz Gómez.

Os contidos do curso trataron sobre aspectos básicos de voluntariado de cooperación e acción humanitaria, que todo voluntario/a dunha ong debe coñecer. Achegóusenos o temario e casos prácticos para resolver.

A metodoloxía empregada foi moi interesante. Un dos exercicios por exemplo, consistiu en que comentásemos viñetas de periódicos relacionados coa cooperación e axuda humanitaria.

##### **SEMINARIO “LEI XERAL DE SUBVENCIÓNS”**

Organizado por Caixa Galicia Obra Social (Socialia) o 11 de maio do 2004 de 16 a 20 horas, impartido por Xosé Antón Fdez. Roxo de Xoma Formación.

Nel deuse a coñecer a nova Lei xeral de subvencións insistindo sobre todo nas novidades para as ONL, como a contabilización das subvencións unha vez concedidas e non cando se produce o ingreso.

Foi unha sesión insuficiente, aínda que agotadora, para expór un tema de tanta importancia para as pequenas ONG galegas que se teñen que financiar basicamente con fondos públicos, como IND.

##### **XORNADAS DE FORMACIÓN SOBRE O MÁRQUETING NA ONG'S**

Organizadas polo Centro Social Caixanova o día 20 de outubro e impartía por Economistas sen Fronteiras. Tratouse de explicar ou máis ben dar a coñecer o feito de que fenómenos que a priori identifícanse coas empresas comerciais, tamén se poden aplicar ao Terceiro Sector, como é o marketing.

Foron bastante improductivas, xa que o relator adicouse a ler o libro fotocopiado que previamente se repartiu entre nós.

## CURSO DE “GESTIÓN Y CONTROL ECONÓMICO DE ENTIDADES NO LUCRATIVAS”

Curso on-line organizado por Solucionesong.org do 22 de novembro ó 6 de decembro.

Aínda que o título é moi suxerente na práctica quédase un pouco en nada, xa que o tempo de duración do mesmo rebélase insuficiente para o tema do curso. Simplemente se nos fala dunhas ferramentas que podemos empreñar para a xestión e control económico das ong's, pero non se profundiza en cómo se poden obter nin traballar con elas.

## CURSO DE “INTRODUCCIÓN Á CONTABILIDADE PARA ONG”

Curso on-line organizado por Solucionesong.org do 16 de novembro ó 23 de decembro.

O curso de Introducción á contabilidade das ong foi básico demais. Máis ben estaba orientado a persoas que non sabían nada de contabilidade, polo que o aproveitamento do mesmo foi bastante baixo.

### **3.4. COOPERACIÓN**

#### **COOPERACIÓN**

No ano 2004 IND consolidou a súa traxectoria no campo da cooperación internacional afianzando a súa relación coas organizacións e comunidades do sur. Durante este ano IND foi capaz de dar apoio a 3 proxectos diferentes dos que se dá conta a continuación. Os proxectos foron o Programa de Desenvolvemento Urbano en Tiruchy (India), o programa de Xeración de Ingresos e Capacitación de mulleres- XICAM en North Wollo e o programa de apoio a mulleres cabeza de familia en Addis Ababa (Etiopía).

Ademais cómpre destacar que durante 2004 a presidenta de IND María Reimóndez e a vogal da xunta directiva Blanca Rodríguez tiveron a oportunidade de ir visitar o proxecto de desenvolvemento urbano en Tiruchy.

#### **Programa de desenvolvemento urbano en Tiruchy**

Durante o ano 2004 concluíuse o primeiro ano de funcionamento deste proxecto, comezado en setembro de 2003, e comezou o segundo ano do programa. O proxecto céntrase en 10 suburbios da cidade de Tiruchirapalli, en Tamil Nadu (India).

Neste ano as actividades do proxecto centráronse sobre todo na atención á poboación a través de campos sanitarios, campañas de sensibilización sobre xénero, saúde e educación e tamén na organización da comunidade en grupos de aforro e crédito integrados por mulleres. Ademais disto, o proxecto puxo en marcha clases de apoio e de alfabetización para mulleres adultas en todos os suburbios, así como programas de atención ás persoas con discapacidade e de seguimento de persoas enfermas e mulleres embarazadas. Como anexo á memoria achegamos o informe final do primeiro ano do proxecto onde aparecen todos os datos estatísticos e de progresión das actividades.

No segundo ano de funcionamento do proxecto, que comezou en setembro de 2004, o énfase vaise poñer na capacitación da comunidade tanto desde o punto de vista laboral como desde o punto de vista social. Así, comezou xa o programa de formación para voluntarias/os de sensibilización de xénero e contratouse unha traballadora específica para facer un seguimento dos casos de violencia de xénero e das situacións de desigualdade existentes na comunidade. Ademais comezou tamén o programa de voluntariado sanitario nos suburbios, polo cal se capacita á comunidade, homes e mulleres, para poder encargarse do seguimento sanitario. A formación laboral centrouse na fabricación de produtos de papel reciclado, para o cal o proxecto mercou unha unidade na que polo de agora se imparte só formación.

O proxecto de desenvolvemento urbano en Tiruchy inclúe outras iniciativas en colaboración con outras ONGs e o goberno local como a posta en marcha de escolas para nenas/os

traballadoras/es. Neste momento están en funcionamento dúas escolas desta índole, onde se busca a rehabilitación de nenas e nenos que ata o momento estivesen traballando.

Este proxecto está financiado por IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO e a Xunta de Galicia nas convocatorias de proxectos dos anos 2003 e 2004.

### **XICAM Etiopia**

Este proxecto é a primeira iniciativa de IND en Etiopía despois da visita de identificación realizada pola presidenta María Reimóndez en 2003 ao país. O proxecto lévase a cabo na rexión de North Wollo en colaboración coa organización local Women Support Organisation (WSO) e pretende activar 3 grupos de aforro creados pola organización de maneira autónoma e formar a dúas traballadoras de base que se encargarán da atención sanitaria e de impartir clases de apoio e da alfabetización de mulleres. O proxecto comezou a mediados de 2004 e polo momento amosa bos resultados nos obxectivos establecidos.

Este proxecto está financiado por IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO e Caixagalicia na súa convocatoria de proxectos de 2003.

### **Dotación de dúas mulas**

Nunha intervención solicitada pola organización local WSO, IND decidiu dotar á devandita de dúas mulas para poder acceder ás zonas montañosas onde traballa, moitas delas a máis de 2000 metros e sen ningún tipo de acceso posible. Para o persoal do proxecto estas dúas mulas proporcionan un grande apoio na atención á comunidade, que vive en casos a 25 kms e máis de calquera vila.

### **Apoio a mulleres cabeza de familia**

Este proxecto comezou a funcionar en 2004 co apoio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O proxecto realízase en colaboración con OPRIFS, organización de Addis Ababa que traballa na rehabilitación de nenas da rúa e na prevención do traballo e explotación das nenas a través do desenvolvemento urbano. Precisamente nesta última vertente se centra o traballo de IND. O programa pretende capacitar ás familias das nenas da rúa en 19 suburbios da capital etíope a través da formación de grupos de aforro e crédito, capacitación laboral das mulleres e sensibilización en temas de xénero. O proxecto inclúe tamén unha compoñente de sensibilización sanitaria. O programa comezou en outubro de 2004.

## **Tsunami**

O 26 de decembro de 2004 o maremoto máis letal que se recorde na historia da humanidade afectou as costas de sete países asiáticos, entre eles a India. Máis en concreto o estado de Tamil Nadu quedou totalmente devastado. Por esta razón IND decidiu comezar a traballar en colaboración coa súa organización compañeira PDI na paliación da catástrofe nesa zona concreta. A identificación da zona de traballo e o labor de recadación de fondos comezaron nos últimos días de decembro.

#### **4. XESTIÓN**

Durante o presente ano a estrutura organizativa de IND viuse debilitada pola falta de persoal. Sen embargo, aínda así IND foi capaz de continuar o seu traballo e incluso ampliálo significativamente, tanto no campo da cooperación coma no da sensibilización.

Cómpre destacar a interacción de IND coa Coordinadora Galega de ONGD, onde IND ten un papel especialmente activo e ademais o inicio da Plataforma de ONGD Galegas, unha idea que comeza a forxarse entre as organizacións que fan cooperación de maneira independente desde Galicia.

A Xunta Directiva seguirase encargando da dirección xeral da asociación a través da supervisión do traballo das comisións e dos seus labores estatutarios.

Finalmente, cómpre sinalar que un ano máis tódolos gastos administrativos de IND foron financiados a través do 5% da súa recadación total.



## **5. FINANCIAMENTO**

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolver a súa actividade:

### **PROPIAS**

- cotas de socias/os
- desenvolvemento de actividades
- ventas de material

### **ALLEAS**

- públicas: subvencións oficiais
- privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase no balance que se achega ó final deste documento

## 6. CONCLUSIÓNS

Un ano máis o esforzo de moitas persoas conseguiu que seguise avanzando. Mesmo con importantes dificultades como a redución na nosa base de voluntariado permanente ou o case nulo crecemento da base asociativa, non podemos senón facer un balance moi positivo. A consecución do longamente desexado espazo do Centro Crisol, as moi numerosas e exitosas actividades levadas a cabo en Galicia e o feito de manter tres proxectos de cooperación ao desenvolvemento abertos simultaneamente son indicadores inequívocos da fortaleza e consolidación da organización.

Os esforzos levados a cabo este ano foron significativos, xa que a redución de persoas implica tamén que as voluntarias tiveron que dedicar moito tempo para levar a cabo as actividades realizadas. Por iso, o noso especial recoñecemento a esa especial dedicación.

Un ano máis tamén cómpre non esquecer o obxectivo de todos estes esforzos, o que nos dá azos para querer presentar unha nova memoria o ano que vén: as comunidades coas que traballamos. Elas son as que realmente realizaron os esforzos máis meritorios durante este ano, enfrontándose con especial valentía ós cambios custosos que implica o desenvolvemento. A elas o noso máis sincero agradecemento e ánimo.

Un ano máis, finalmente, despedimos a memoria co afán de crecer e de facer fronte ós novos desafíos que nacen cun novo período no que esperamos seguir contando con vós para acadar un mundo mellor para todas/os.

## GASTOS

60000003	Proxecto Tiruchy03-04	10.429,85
	Proxecto Tiruchy04-05	2.216,00
		<b>12.645,85</b>
60000000	Cota Coordinadora	120,00
60000004	Proxecto rural Etiopía	4.380,27
60000005	Proxecto Crisol	11.809,45
60000007	Proxecto urbano Etiopía	1.675,27
60000006	Proxecto "Voces"	7.715,93
60000009	Proxecto Anuncio prensa	1.856,00
60000010	Proxecto axenda	2.436,00
		<b>42.638,77</b>

62600000	Servicios bancarios	836,82
62600001	Gastos devolución recibos	172,24
		<b>1.009,06</b>

64400000	Formación de voluntarios	270,00
		<b>270,00</b>

<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>43.917,83</b>
---------------------	------------------

## INGRESOS

70000001	Vendas de Crisol	2.776,95
70000002	Cuotas de socios	6.394,00
		<b>9.170,95</b>

72500005	Fondo Galego de Coop. Subv.	3.295,00
72500002	Caixa Galicia, subv.	5.510,76
72500001	Xunta Ga.subv.	<b>44.894,38</b>
	Tiruchy04-05	10.739,15
	Tiruchy03-04	2.705,23
	Crisol	25.000,00
	sensibilización04	6.450,00
		<b>53.700,14</b>

72600000	Doazóns e herencias	1.379,29
72600001	Doazóns sutnami	360,00
72600002	Doazóns Crisol	2.132,64
72600003	Doazóns Axenda	1.040,00
		<b>4.911,93</b>

76900000	Ingresos bancarios	6,34
		<b>6,34</b>

77800001 Ingresos extraordinarios	498,00
	<b>498,00</b>

<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>68.287,36</b>
-----------------------	------------------

<b>Diferencia positiva</b>	<b>24.369,53</b>
----------------------------	------------------

## ORZAMENTO 2004

### 1.-OBTENCIÓN DE RECURSOS

#### FONTES ALLEAS

XUNTA DE GALICIA	44.894,38
Fondo Galego de Coop. Subv.	3.295,00
Caixa Galicia, subv.	5.510,76
	<b>53.700,14</b>

72600000 Doazóns e herencias	1.379,29
72600001 Doazóns tsunami	360,00
72600002 Doazóns Crisol	2.132,64
72600003 Doazóns Axenda	1.040,00
	<b>4.911,93</b>

76900000 Devolucións de comisións banc.	6,34
	<b>6,34</b>

77800001 Ingresos extraordinarios	498,00
	<b>498,00</b>

#### FONTES PROPIAS

70000001 Ventas de Crisol	2.776,95
70000002 Cotas socios	6.394,00
	<b>9.170,95</b>

<b>TOTAL</b>	<b>68.287,36</b>
--------------	------------------

## 2.-APLICACIÓN DOS RECURSOS

### PROXECTOS

60000003 Proxecto Tiruchy03-04	10.429,85
Proxecto Tiruchy04-05	2.216,00
	<b>12.645,85</b>
60000000 Cota Coordinadora Galega de ONG'd	120,00
60000004 Proxecto rural Etiopía	4.380,27
60000005 Proxecto Crisol	11.809,45
60000007 Proxecto urbano Etiopía	1.675,27
60000006 Proxecto Voces, sensibilización	7.715,93
60000009 Proxecto anuncio prensa	1.856,00
60000010 Proxecto axenda	2.436,00
	<b>42.638,77</b>

### SERVIZOS BANCARIOS

62600000 Servizos bancarios	836,82
62600001 Gastos devolución recibos	172,24
	<b>1.009,06</b>

### FORMACIÓN

64400000 Formación voluntarios	270,00
	<b>270,00</b>

<b>TOTAL</b>	<b>43.917,83</b>
--------------	------------------